



Cristóbal Soler

Entre as súas gravacións salienta *Historia do soldado*, de Stravinski; a *Guía de orquestra para xoves*, de Benjamin Britten; a *Obertura 1997*, Abu Simbel de Llopis; *Música Clásica*, de Chapí, ademais de obras de Falla, Granados, Turina, Esplá, Sarasate, etc.

Recentemente gravou coa JONDE obras de José Luís Turina, José María Sánchez Verdú e Francisco Coll.

Cristóbal Soler é presidente fundador de AESDO, Asociación Española de Directores de Orquestra e, desde 2017, director artístico da Semana de Música Relixiosa de Cuenca, distinguida recentemente coa "Insignia cultural da Comunidade de Castela- A Mancha", polo Observatorio da Cultura. Asimesmo, Cristóbal Soler foi galardonado co Premio "Ciudad de Cuenca 2018", polo seu labor como director artístico da SMR. En 2019 foi nomeado director artístico e musical do Festival CullerArts e Presidente do Concurso Internacional de Violín CullerArts.

CRISTÓBAL SOLER

MESTRE DE DIRECCIÓN

Historial Académico

Cristóbal Soler, naceu en Alcásser (Valencia), inicia os seus estudos de dirección de orquestra co seu mestre e mentor, José M^o Cervera Collado, e será o seu director asistente en numerosas producións de teatros como o Gran Teatre Liceu de Barcelona, o Teatro de la Zarzuela, ou a Ópera de Karlsruhe.

Despois de finalizar os seus estudos superiores de composición e dirección de orquestra, cursa o Máster de Dirección de Orquestra na Universidade de Munich, coas máximas calificacións.

Experiencia

Durante as súas seis tempadas como director titular do Teatro da Zarzuela de Madrid, dirixiu novas producións como *El Gato Montés*, *Los Diamantes de la Corona*, *Galanteos en Venecia*, ademais de gañar premios e nominacións con elas. Tamén salienta un extenso catálogo de zarzuelas: *El barberillo de Lavapiés*, *Pan y toros*, *Alma de Dios*, *El trust de los tenorios*, *Los claveles*, *La reina mora*, *Doña Francisquita*, *Luisa Fernanda*, *La Generala*, *La Revoltosa*, *La Verbena de la Paloma*, *Agua, azucarillos y aguardiente*, *El año pasado por agua*, *Los descamisados*, *Marina*, *El Dominó azul*, *La Dogaresa*, *La Gran Vía*, *Los Flamencos*, *La buena ventura*, *Katuska*, etc.

No eido operístico dirixiu *Don Giovanni*, *Le Nozze di Figaro*, *Cosí fan tutte*, *La Traviata*, *Rigoletto*, *L'elisir d'amore*, *Don Pascuale*, *La Sonambula*, *Carmen*, *Aida*, *Le Roi d'Ys*, *Mireille*, *La Grande Duchesse de Gerolstein*, *Werther*, etc. En ambos xéneros, colaborou con directores de escena como Graham Vick, Pier Luigi Pizzi, José Carlos Plaza, Emilio Sagi ou Paco Mir.

Ha prestado especial interés a la recuperación del patrimonio lírico inédito, al frente de estrenos mundiales en época moderna de óperas como *Le Revenant* y *Le Diable à Seville*, de J. M. Gomis, *Il Burbero di Buon Cuore* de V. Martin y Soler, *Los amores de la Inés*, de Falla, o *L'Indovina*, de S. Giner.

Tras recibir unha invitación oficial de Reiner Bischof, secretario xeral da Wiener Symphoniker, trasládase a vivir a Viena, onde foi asistente, durante dúas tempadas, de grandes mestres como os citados Sawallisch, Prêtre, Fedoseyev ou Mariss Jansons. Posteriormente, é invitado personalmente por Nikolaus Harnoncourt, durante a tempada 2003/04, en Viena, Graz, Berlín e Zurich.

Foi director invitado polas principais orquestras españolas: Orquestra e Coro de RTVE, OBC Nacional de Cataluña, Orquestra de Valencia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra da Comunidade de Madrid, Orquestra Sinfónica de Bilbao, Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, Sinfónica de Castela e León, Sinfónica de Navarra, Orquestra Cidade de Granada, JONDE, etc. Dirixiu concertos coa Orquestra de Cámara de Lausanne, ademais de xiras nacionais e internacionais, en Austria, Francia; Portugal; Polonia; R. Checa; Eslovenia; Rumanía; Cuba; Venezuela; México, Brasil ou Argentina.